

A nosa ref: 10 ADL

Asunto: aprobación das bases do “Rasca e Gaña no Nadal” da Campaña de dinamización comercial do Nadal 2020 - 2021 do Concello de Cambre

Expediente: 2020/G003/001803 e 2020/G003/000810

RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Dende o ano 2003 o concello de Cambre ven desenvolvendo campañas específicas para dinamizar o comercio durante o período de Nadal, nas que se poñen en marcha programas e actuacións variadas. A planificación, xestión e execución destas campañas correspondeulle dende o seu comezo á Axencia de Desenvolvemento Local do concello de Cambre, departamento encargado da promoción económica e empresarial do municipio.

Vista a necesidade de promover o consumo no comercio local entre os/as residentes do concello e de incrementar a súa competitividade e atractivo para incentivar as vendas deste importante sector da economía local durante a campaña de Nadal, xa que nesta data se concentra unha parte moi importante do volume de ingresos de todo o exercicio económico, acadándose cifras de facturación moi elevadas que, nalgúns caso, constitúen a base da supervivencia empresarial para o resto do ano.

Vista a necesidade de reactivar progresivamente a actividade económica e particularmente a dos sectores máis afectados pola crise sanitaria ocasionada polo Covid - 19, como poden ser o comercio polo miúdo ou a hostalería ou a restauración, entre outros, que deben empezar a recuperar o seu pulso de forma progresiva.

Visto o informe proposta da aprobación da Campaña de Dinamización Comercial do Nadal 2020/2021 de data 17 de xuño do presente, asinado polo técnico de promoción económica e co visto e prace da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, no que se contemplaba o “Rasca e gaña no Nadal” para os establecementos comerciais e de hostalería de Cambre e xa que no anteriormente referido informe proposta se indicaba que para o correcto desenvolvemento da campaña do “Rasca e gaña no Nadal” se elaborarían unhas bases obxecto de aprobación polo concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Socioeconómico que se publicarían, alomenos, na páxina web do Concello, e que se repartirían igualmente entre os establecementos participantes na Campaña, nas que se concretarían as datas finais de realización e as restantes condicións de participación.

Vista a miña resolución nº 791/2020 do 18 de xuño do 2020 pola que se aprobou a realización da Campaña de Dinamización Comercial do Nadal 2020/2021 así como o gasto correspondente por un importe total de setenta e dous mil seiscientos cincuenta euros (72.650,00 euros), imputables trinta e seis mil oitocentos cincuenta euros (36.850,00 €) á aplicación orzamentaria “433 22699 Outros gastos diversos promoc. activ. económica”, vinte sete mil catrocentos euros (27.400,00 €) á aplicación orzamentaria “433 48100 Becas e premios promoción empresarial” e oito mil catrocentos euros (8.400,00 €) á aplicación orzamentaria “433 22602 Publicidade e propaganda desenvolvemento empresarial”, co RC operación 220200002808 sentado no Libro Diario de Contabilidade Presupuestaria con data 17/06/2020 por importe de setenta e dous mil seiscientos cincuenta euros (72.650,00 euros).

Visto que existe crédito no actual orzamento municipal.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, **RESOLVO:**

Primeiro: aprobar as bases do Rasca e Gaña no Nadal 2020 - 2021 da Campaña de Dinamización Comercial do Nadal do Concello de Cambre, tal e como se transcribe de seguido, así como a súa convocatoria e modelo de solicitude (anexo I).

Bases do desenvolvemento e condicións da participación na acción de promoción comercial nos establecementos comerciais e hostaleiros “Rasca e Gaña no Nadal”

O Concello de Cambre pon en marcha a acción de dinamización comercial nos establecementos comerciais e de hostalería “Rasca e gaña no Nadal”, dentro da súa campaña de dinamización comercial de Nadal 2020 - 2021, segundo as seguintes bases de desenvolvemento e condicións de participación:

Obxectivo

1. O obxectivo desta acción de dinamización comercial é fomentar a compra e o consumo nos establecementos comerciais e de hostalería do Concello de Cambre a través da posta en circulación de bonos do “Rasca e gaña no Nadal”.

Participantes e modalidades de bonos

2. Poderán participar nesta acción de promoción comercial os seguintes establecementos do Concello de Cambre:
 - Establecementos de venda polo miúdo de agasallos, por medio de bonos con premios en metálico e con lotes do Nadal (cesta e cesta especial do Nadal).
 - Establecementos de venda polo miúdo de produtos de alimentación (a excepción dos supermercados de cadea e medianas e grandes superficies comerciais), por medio de bonos con premios en metálico e con lotes do Nadal (cesta e cesta especial do Nadal).
 - Establecementos de perruquería, estética e servizos persoais: por medio de bonos con premios en metálico e con lotes do Nadal (cesta e cesta especial do Nadal).
 - Establecementos de hostalería do Concello de Cambre: soamente por medio de bonos con lotes do Nadal (cesta e cesta especial do Nadal).
 - Vendedores/as ambulantes que participen na Feira de Cambre conforme á súa ordenanza reguladora: soamente por medio de bonos con lotes do Nadal (cesta e cesta especial do Nadal), que serán distribuídos polo persoal do Concello (Protección Civil, ADL) entre os compradores/as que realicen as súas compras nas Feiras desenvolvidas durante o período de duración da Campaña.
3. Participarán nesta acción de promoción comercial de xeito directo aqueles establecementos que teñan participado na campaña de Nadal do 2019 - 2020 e que teñan interese en seguir participando nela, e os que se vaian incorporando no ano 2020 á mesma, xunto cos establecementos comerciais e de hostalería que tomen parte no concurso de escaparates e os/as vendedores/as ambulantes que participan nas Feiras de Cambre de conformidade co establecido na súa Ordenanza Reguladora de venda ambulante. As posibles peticións para participar na Campaña posteriores serán atendidas polo Concello de Cambre en función das súas dispoñibilidades e ata o esgotamento dos bonos.
4. As persoas titulares dos establecementos e o seu persoal poderán participar nesta promoción, pero sempre con bonos “Rasca e Gaña no Nadal” que non correspondan á súa propia empresa/establecemento.
5. Os “Rascas e gaña” que se distribúan nas Feiras de Cambre non poderán entregarse nin as persoas titulares dos postos de venda ambulante, nin ao persoal dos mesmos.
6. **O custe da participación para os establecementos será gratuíto.**

Número e contía dos bonos

7. O número de bonos a distribuír na campaña do Rasca e Gaña no Nadal é de 75.500 bonos, de conformidade coa seguinte desagregación:
- **2 bonos cun premio de 300,00 euros** cada un deles, para compras nos establecementos participantes na Campaña, a realizar **antes do 31 de xaneiro de 2021**.
 - **20 bonos cun premio de 100,00 euros** cada un deles, para compras nos establecementos participantes na Campaña, a realizar **antes do 31 de xaneiro de 2021**.
 - **35 bonos cun premio de 50,00 euros** cada un deles, para compras nos establecementos participantes na Campaña, a realizar **antes do 31 de xaneiro de 2021**.
 - **150 bonos de 20 euros** de premio cada un deles, para a realización de compras nos establecementos participantes na Campaña, a realizar **antes do 31 de xaneiro de 2021**.
 - **235 bonos de 10 euros** de premio cada un deles para a realización de compras nos establecementos participantes na Campaña, a realizar **antes do 31 de xaneiro de 2021**.
 - **550 bonos de 5 euros** de premio cada un deles para a realización de compras nos establecementos participantes na Campaña, a realizar **antes do 31 de xaneiro de 2021**.
 - **5 bonos cun premio dun lote de produtos do Nadal (cesta especial do Nadal)**, cun valor estimado no mercado de **150,00 euros** cada unha deles.
 - **170 bonos cun premio dun lote de produtos do Nadal (cesta do Nadal)**, cun valor de estimado no mercado de **60,00 euros** cada unha delas.
 - **2.000 bonos** coa lenda “**Premio da casa**” para canxear nos propios establecementos nos que se entreguen polos agasallos que determinen os seus titulares. Os agasallos correrán a cargo dos establecementos que usen esta modalidade e, en ningún caso, poderán facturarse estes bonos ao Concello.
 - **74.333 bonos** coa lenda “**Saúde e Bo Nadal. Grazas polo teu apoiando ao comercio e hostalería de Cambre**” ou outra de contido análogo.

Distribución de bonos entre os establecementos participantes

8. Cada un dos establecementos que participe na Campaña **recibirá**:
- Un lote de bonos “Rasca e gaña no Nadal” que **poderán conter** distintas lendas:
 - Bonos coa lenda “**Saúde e Bo Nadal. Grazas polo teu apoio ao comercio e hostalería de Cambre**” ou outra de contido análogo.
 - Bonos coa lenda **premio** de diferentes importes económicos (5, 10, 20, 50, 100 ou 300 €).
 - Bonos coa lenda **premio da casa**.
 - Bonos coa lenda **cesta especial do Nadal** ou **cesta do Nadal**, sendo esta a única tipoloxía de premios a distribuír entre os establecementos de hostalería e entre os compradores das feiras de Cambre dos días 11 e 20 de decembro e 2 de xaneiro a través do persoal do concello (Protección Civil, ADL).
 - Un cartel anunciador da promoción para dar a coñecer a Campaña ao público que, de **xeito obrigatorio**, se **exporá nun lugar visible** para a clientela do establecemento participante, preferentemente no escaparate.
 - Unha copia destas bases reguladoras do desenvolvemento e condicións de participación.
 - Unha árbore de Nadal iluminada do Concello de Cambre (ata esgotar a dispoñibilidade, unha vez distribuídas ás árbores entre os establecementos participantes no concurso de escaparates e atendidas as necesidades de decoración de espazos comerciais e espazos e instalacións municipais que determinen os servizos técnicos do Concello).
9. O número final de **bonos** de cada clase que recibirá cada establecemento estará en función da súa actividade:
- Establecementos **de agasallos: 200 bonos** (aproximadamente 17.400 bonos).

- Establecementos **de venda polo miúdo de produtos de alimentación** (a excepción dos supermercados de cadea e medianas e grandes superficies comerciais): **300 bonos** (aproximadamente 10.200 bonos).
- Establecementos **de perruquería e estética**: **100 bonos** (aproximadamente 4.400 bonos).
- Establecementos de **hostalería**: **400 bonos** (aproximadamente 40.000 bonos).
- Reparto entre os compradores das **feiras de Cambre** (aproximadamente 3.500 bonos).

Os establecementos poderán solicitar expresamente que se lle entreguen outras cantidades de bonos “Rasca e Gaña”, que serán subministradas polo concello de Cambre seguindo a orde cronolóxica das peticións recibidas e en función das disponibilidades destes, ata o seu esgotamento.

10. Este material **entregarase** polos medios alleos ao Concello de Cambre contratados ao efecto a cada un dos establecementos participantes, con antelación ao comezo da campaña e sempre dentro do horario comercial.

Entrega dos bonos “Rasca e gaña no Nadal” á clientela

11. Os establecementos participantes na promoción entregarán os bonos “Rasca e gaña no Nadal” á súa clientela **dende que os teñan no seu poder**, previsiblemente nas primeiras semanas de decembro de 2020, ata o día **6 de xaneiro de 2021**. Cada establecemento determinará a cantidade de bonos que entregará á súa clientela como considere máis oportuno e axeitado á súa política comercial, sen que haxa un número máximo ou mínimo de bonos polo importe de cada compra. O/a cliente deberá rascar o bono no mesmo momento da súa entrega polo/a comerciante, hostaleiro/a ou persoal do Concello.
12. No caso do reparto dos rascas nas feiras de Cambre, este se realizará na Feira de decembro de O Temple e nas Feiras do terceiro domingo de decembro e do 2 de xaneiro de 2021 de Cambre. O persoal do Concello de Cambre, Protección Civil ou ADL será o encargado de repartir os rascas entre as persoas compradoras dos produtos da Feira.
13. Cada establecemento participante se comprometerá a **repartir** entre a súa clientela **a totalidade dos bonos** antes do 6 de xaneiro de 2021.
14. Con carácter previo á entrega, os establecementos identificarán tódolos seus bonos, escribindo o seu nome comercial e número de teléfono de contacto no reverso ou estampando neles o selo do establecemento ou no caso de non ter, a sinatura da persoa titular. Este requisito é imprescindible para validar cada un dos bonos, polo que o Concello de Cambre non aboará ningunha factura nin entregará ningún lote de produtos do Nadal que correspondan con bonos que non estean debidamente selados ou, no seu defecto, asinados polos/as responsables dos establecementos. No caso dos bonos repartidos nas feiras de Cambre será o persoal do Concello o que identificará o nome das persoas gañadoras e dos posto/s de venda ambulante onde fixo as súas compras.

Procedemento a seguir cos bonos premiados con lotes de produtos do Nadal (cesta e cesta especial do Nadal)

15. Os establecementos que entreguen bonos premiados con lotes de produtos do Nadal (cesta e cesta especial do Nadal) deberán identificar ás persoas premiadas co seu nome e apelidos, documento de identificación e datos de contacto na folla de control que se achega como Anexo II a estas bases e comunicar esta circunstancia o antes posible ao Concello (a través do teléfono 981 613196 ou por email: adl@cambre.org), podendo retirar a persoa gañadora unha vez realizada esta comunicación na ADL (Rúa Wenceslao Fernández Flórez, 1, Cambre) o seu premio en horario de 08:00 a 15:00. No caso de resultaren premiados cun lote de produtos de Nadal especial, o Concello poderá realizar a súa entrega nos establecementos participantes para contribuír á difusión da campaña.

No caso de bonos premiados nas Feiras, o persoal do Concello identificará igualmente ás persoas premiadas co seu nome e apelidos, documento de identificación e datos de contacto, na folia de control que se achega como Anexo II a estas bases.

16. Para realizar a entrega de lotes de produtos do Nadal (cesta e cesta especial do Nadal) será requisito imprescindible presentar o bono premiado debidamente selado ou asinado polo establecemento no que se entregou agás no caso dos entregados nas feiras de Cambre, que serán validados polo persoal do Concello.

Procedemento a seguir cos bonos premiados de 5,00 €, 10,00 €, 20,00 € e 50,00 €

17. Os bonos que conteñan premios para a realización de compras de **5,00 €, 10,00 €, 20,00 € e 50,00 €**, deberán utilizarse nunha nova compra no mesmo establecemento onde se entregaron, antes do 31 de xaneiro de 2021.
18. Cada establecemento participante deberá responsabilizarse da correcta utilización dos bonos premiados que entreguen e se troquen no seu establecemento.
19. Para o pago dos bonos de 50,00 euros contidos nas facturas será imprescindible que estes se presenten acompañados das facturas simplificadas ou xustificantes de compra correspondentes. No caso de que non se entreguen por parte dos establecementos facturas simplificadas ou xustificantes de compra, deberá aportarse unha declaración responsable na que se detalle tal circunstancia.

Procedemento a seguir cos bonos premiados de 100,00 e 300,00 euros

20. Os bonos correspondentes aos premios de **100,00 € e 300,00 €**, seguirán o seguinte procedemento:
- O/a comerciante do establecemento que entregue o bono premiado deberá recoller os datos da persoa premiada. A tal efecto, facilítase a folia de control que se achega con estas bases como Anexo II. Poderá tamén comunicar os datos do/a premiado/a o antes posible ao Concello de Cambre, a través do teléfono 981 613196 ou por email: adl@cambre.org.
 - O bono deberá gastarse integramente **antes do 31 de xaneiro de 2021** nalgún dos establecementos participantes na campaña.
 - O establecemento onde se utilice o bono premiado **deberá conformar a autenticidade do bono mediante unha chamada telefónica ao establecemento no que apareceu o bono premiado**.
 - Para facilitar as compras en varios establecementos, o Concello poderá canxear o bono premiado de 300,00 euros, a petición da persoa premiada, por outros de 50,00 euros, ata a cantidade que lle corresponda. Cada un destes novos bonos de 50,00 euros deberán gastarse integramente nun so establecemento.
 - **Estes requisitos son imprescindibles para validar cada un dos bonos, polo que o Concello de Cambre non abonará ningunha factura que conteña bonos que non estean debidamente conformados.**
 - Para o pago dos bonos de 100,00 € e 300,00 € contidos nas facturas será imprescindible que se presenten acompañados das facturas simplificadas ou xustificantes de compra correspondentes. No caso de que non se entreguen por parte dos establecementos facturas simplificadas ou xustificantes de compra, deberá aportarse unha declaración responsable na que se detalle tal circunstancia.

Procedemento de facturación dos premios do “Rasca e gaña no Nadal” por parte dos establecementos

21. Para o **cobro dos bonos** premiados deberá presentarse a **correspondente factura e documentación xustificativa** (bonos premiados, facturas simplificadas das compras, certificados de número de conta, etc.) a o concello de Cambre entre os días **1 e 28 febreiro de 2021, ambos incluídos**:

	Facturas emitidas ao Concello de Cambre	Restante documentación xustificativa (bonos premiados, anexo II, facturas simplificadas e certificado de conta bancaria)
Persoas físicas	<p>En persoa (nos rexistros do Concello)</p> <p>Ou de forma telemática (na sede electrónica do Concello) https://sede.cambre.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral</p> <p>Ou a través da plataforma FACe (Punto General de Entrada de las Facturas Electrónicas de la Administración General del Estado) https://face.gob.es</p>	<p>En persoa (nos rexistros do Concello) ou telemáticamente (na sede electrónica do Concello) https://sede.cambre.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral</p>
Persoas xurídicas	<p>Obrigatoriamente a través da plataforma FACe (Punto General de Entrada de las Facturas Electrónicas de la Administración General del Estado) https://face.gob.es</p>	<p>Obrigatoriamente de forma telemática (na sede electrónica do Concello) https://sede.cambre.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral</p>

No caso de optar, as persoas físicas, por realizar esta presentación de forma presencial (nos rexistros do Concello) deberá solicitarse **Cita Previa** na seguinte [ligazón](https://sede.cambre.es/opencms/gl/cita/index.html) (<https://sede.cambre.es/opencms/gl/cita/index.html>), por medio del teléfono 981 613128 ou a través do correo electrónico cambre@cambre.org

22. Cada establecemento presentará:

- O **Anexo I “Presentación de facturas”**, que se achega con estas bases.
- **Unha única factura** que comprenderá todos os bonos premiados utilizados no comercio. Na factura deberá constar a seguinte información:
 - Concepto: campaña “Rasca e gaña no Nadal”.
- A factura, deberá ir acompañada de:
 - Todos os bonos premiados (escaneados a dúas caras no caso da súa presentación telemática).
 - A folia de control que se facilita con estas base como Anexo II coa relación dos lotes de produtos do Nadal (cesta e cesta especial do Nadal) e dos bonos de 100,00 € e 300,00 € premiados no establecemento, e coa relación dos bonos gastados no establecemento (escaneada no caso da súa presentación telemática).
- As facturas simplificadas ou xustificantes de compra correspondentes aos bonos gastados no establecemento para os **bonos de 50,00 €, 100,00 € e 300,00 €** No caso de que non se entreguen por parte dos establecementos facturas simplificadas ou xustificantes de compra, deberá entregarse unha declaración responsable na que se detalle tal circunstancia.
- Un certificado de conta bancaria para a realización da transferencia de pagamento ou, no seu caso, a indicación de que a devandita certificación de conta bancaria obra xa en poder do Concello de Cambre, o que se indicará no anexo de **presentación de facturas**.

A documentación e a factura emitida ao Concello de Cambre poderá presentarse en persoa nos rexistros do Concello soamente polas persoas físicas.

As persoas xurídicas deberá presentar as súas facturas a través da plataforma FACe e a documentación xustificativa na sede electrónica do Concello de Cambre.

No caso da presentación da documentación xustificativa na sede electrónica do Concello de Cambre (obrigatoria para as persoas xurídicas e voluntaria pas as persoas físicas), deberán achegarse os **bonos premiados escaneados a dúas caras**, xunto coas facturas simplificadas ou xustificantes de compra escaneados correspondentes soamente aos **bonos de 50,00 €, 100,00 € e 300,00 €**

En ningún caso os “Premios da casa” poderán facturarse ao Concello de Cambre.

23. Os **datos de facturación** do Concello de Cambre son os seguintes:

Concello de Cambre
Rúa Adro, 1
15660 Cambre
CIF P-1501700-G

- Se a forma xurídica da empresa fora a de sociedade anónima ou sociedade de responsabilidade limitada, esta deberá utilizar a facturación electrónica, salvo que se trate da primeira factura emitida a este Concello.
- Para o cumprimento da obriga de facturación electrónica infórmase que o Concello de Cambre está adherido á utilización da plataforma FACE-Punto General de Entrada de las Facturas Electrónicas de la Administración General del Estado dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (regulada na Orde HAP/1074/2014, do 24 de xuño, BOE nº 154, 25/06/14, e na Resolución de 25 de xuño de 2014, da Secretaría do Estado de Administracións Públicas, BOE nº 157, 28/06/2014). O acceso a esta Plataforma e a información sobre a mesma realizarase a través da seguinte URL: <https://face.gob.es>

- Os tres códigos necesarios para a facturación son os seguintes:

Oficina Contable	Órgano Xestor	Unidade Tramitadora
GE0002418 INTERVENCIÓN	LA0004868 ALCALDÍA	LA0004869 CONCEJALÍA HACIENDA

- A petición de información do estado da factura realizarase a través de correo electrónico, dirixindo a súa consulta a infofacturas@cambre.org

24. É responsabilidade dos establecementos participantes autenticar os bonos premiados antes de canxealos.

25. Os establecementos participantes e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, estarán sometidos ao control, comprobación e inspección do Concello de Cambre, que comportará á realización de todas as actuacións que se consideren oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos de participación na Campaña e, nomeadamente, para cumprir cos requisitos establecidos nestas bases en canto ao abono dos premios do Rasca e Gaña do Nadal. Ademais facilitaránlle á Intervención Municipal toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control da Campaña.

26. O feito de participar nesta acción de promoción comercial significa **aceptar** as **bases establecidas** polo Concello de Cambre, que se atopan expostas na web www.cambre.es. Poden ser consultadas por calquera persoa interesada. Para calquera aclaración, establécense os seguintes teléfonos de contacto:

Axencia de Desenvolvemento Local: 981 613 196 / 981 613 128
adl@cambre.org

**ANEXO I PRESENTACIÓN DE FACTURAS
RASCA E GAÑA DO NADAL 2020 - 2021**

SOLICITANTE

Razón social		C.I.F.	
Apelidos e nome		D.N.I./N.I.E	
Enderezo			
C.P.	Localidade	Provincia	
Teléfono		Correo electrónico	

DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL

Apelidos e nome		D.N.I./N.I.E	
-----------------	--	--------------	--

ENDEREZO ELÉCTÓNICO HABILITADO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS

Enderezo electrónico habilitado a efectos de notificacións	
--	--

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA

Denominación		Actividade	
Enderezo da actividade			
C.P.	Localidade	Provincia	
Teléfono		Correo electrónico	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

<input type="checkbox"/>	Factura (deberá incluír no concepto "Campaña de Rasca e gaña no Nadal")														
<input type="checkbox"/>	Bonos "Rasca e gaña" premiados														
<input type="checkbox"/>	Facturas simplificadas ou xustificantes soamente para os bonos de 50,00 €, 100,00 € e 300,00 € gastados no establecemento														
<input type="checkbox"/>	Anexo II Folla de control (soamente no caso de bonos de 100,00 € e 300,00 €)														
<input type="checkbox"/>	<table border="1"> <tr> <td rowspan="2">Certificado de conta bancaria</td> <td><input type="checkbox"/></td> <td colspan="3">Obra en poder do Concello</td> </tr> <tr> <td></td> <td>Ano</td> <td>Expediente</td> <td>Departamento</td> </tr> <tr> <td></td> <td></td> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> </table>	Certificado de conta bancaria	<input type="checkbox"/>	Obra en poder do Concello				Ano	Expediente	Departamento					
Certificado de conta bancaria	<input type="checkbox"/>		Obra en poder do Concello												
		Ano	Expediente	Departamento											
<input type="checkbox"/>	Outra documentación (especificar)														

Sr. alcalde do Concello de Cambre

Quen subscribe, e despois de coñecer e aceptar as Bases da campaña do Rasca e Gaña no Nadal 2020 - 2021 do concello de Cambre, **SOLICITA** se teña por presentada a factura e restante documentación indicada aos efectos de cobro dos bonos premiados, de acordo co especificado nas bases desta campaña, e declara que son certos todos os datos do presente documento.

Cambre, de de 2021

Asdo,

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.

**ANEXO II FOLLA DE CONTROL
RASCA E GAÑA DO NADAL 2020 - 2021**

SOLICITANTE

Razón social		C.I.F.	
Apelidos e nome		D.N.I./N.I.E	
Enderezo			
C.P.	Localidade	Provincia	
Teléfono		Correo electrónico	

RELACIÓN DE BONOS PREMIADOS ENTREGADOS NO ESTABLECEMENTO

Tipo de bono	Nome e apelidos premiado/a	DNI / NIE	Teléfono	Sinatura do premiado/a
<input type="checkbox"/> Bono 300 €				
<input type="checkbox"/> Bono 100 € <input type="checkbox"/> Cesta Nadal <input type="checkbox"/> Cesta esp. Nadal				
<input type="checkbox"/> Bono 100 € <input type="checkbox"/> Cesta Nadal <input type="checkbox"/> Cesta esp. Nadal				
<input type="checkbox"/> Bono 100 € <input type="checkbox"/> Cesta Nadal <input type="checkbox"/> Cesta esp. Nadal				
<input type="checkbox"/> Bono 100 € <input type="checkbox"/> Cesta Nadal <input type="checkbox"/> Cesta esp. Nadal				
<input type="checkbox"/> Bono 100 € <input type="checkbox"/> Cesta Nadal <input type="checkbox"/> Cesta esp. Nadal				

RELACIÓN DE BONOS GASTADOS NO ESTABLECEMENTO

Tipo de bono	Establecemento onde tocou o premio	Premiado/a
<input type="checkbox"/> Bono 300 € <input type="checkbox"/> Bono 100 € <input type="checkbox"/> Cesta Nadal <input type="checkbox"/> Cesta esp. Nadal	Nome e apelidos do/a empresario/a ou razón social: Telefono:	Nome e apelidos da persoa premiada: NIF/CIF: Telefono:
<input type="checkbox"/> Bono 300 € <input type="checkbox"/> Bono 100 € <input type="checkbox"/> Cesta Nadal <input type="checkbox"/> Cesta esp. Nadal	Nome e apelidos do/a empresario/a ou razón social: Telefono:	Nome e apelidos da persoa premiada: NIF/CIF: Telefono:
<input type="checkbox"/> Bono 300 € <input type="checkbox"/> Bono 100 € <input type="checkbox"/> Cesta Nadal <input type="checkbox"/> Cesta esp. Nadal	Nome e apelidos do/a empresario/a ou razón social: Telefono:	Nome e apelidos da persoa premiada: NIF/CIF: Telefono:

En Cambre, de de 2021

Asdo,

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa participación na campaña. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e potabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do concello de Cambre

ANEXO III

INSTRUCCIÓN PARA OS ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES

RASCA E GAÑA DO NADAL 2020 - 2021

Preparación e entrega dos rascas

1. **Identifique todos os bonos recibidos**, escribindo o **nome comercial do seu establecemento** e o **número de teléfono** de contacto no reverso, ou estampando neles o **selo do seu establecemento** ou, no caso de non contar con selo, a sinatura da persoa titular do mesmo. O Concello de Cambre non aboará ningunha factura nin entregará ningún premio sen o/s correspondente/s bono/s debidamente selado/s ou, no seu defecto, asinado/s.
2. Entregue os bonos "Rasca e gaña no Nadal" recibidos entre a súa clientela **antes do día 6 de xaneiro de 2021** incluído.
3. Vostede determinará a cantidade de bonos que entregará á súa clientela como considere máis oportuno e axeitado a súa política comercial, sen que haxa un número máximo ou mínimo de bonos polo importe de cada compra.
4. Dispón de bonos coa lenda "**Premio da casa**", que poderá distribuír entre a súa clientela cos agasallos que vostede decida. En ningún caso estes premios poderán facturarse ao Concello de Cambre.
5. **O/a cliente deberá rasca o bono no mesmo momento da súa entrega** no establecemento.

Actuación no caso de entrega de Rascas de Nadal gañadores

6. Si un "Rasca e gaña do Nadal" entregado no seu establecemento resultase premiado cunha cesta do Nadal ou cunha cesta especial do Nadal:
 - 6.1. Deberá identificar á persoa gañadora na folla de control (Anexo II), indicando o seu nome e apelidos, documento de identificación e datos de contacto.
 - 6.2. Deberá comunicar esta circunstancia o antes posible ao Concello (a través do teléfono 981 613196 ou por email: adl@cambre.org) para coordinar a entrega do premio, que poderá retirarse nas dependencias da ADL en horario de 08:00 a 15:00. No caso de resultaren premiados cunha cesta especial, o Concello poderá realizar a súa entrega nos establecementos participantes para contribuír á difusión da Campaña.
7. Si un "Rasca e gaña do Nadal" entregado no seu establecemento resultase premiado cun bono de 5,00 euros, 10,00 €, 20,00 € ou 50,00 €:
 - 7.1. **Deberá utilizarse nunha nova compra no seu establecemento antes do 31 de xaneiro de 2021.**
 - 7.2. Deberá conservar os bonos premiados aos efectos de facturación ao Concello.
 - 7.3. No caso dos bonos de 50,00 €, deberá conservar tamén a factura simplificada ou xustificante de compra correspondente ao bono gastado no seu establecemento para achegar coa súa facturación ao Concello.
8. Si un "Rasca e gaña do Nadal" entregado no seu establecemento resultase premiado cun bono de 100,00 € ou 300,00 €:
 - 8.1. Deberá identificar á persoa gañadora na folla de control (Anexo II), podendo tamén comunicar os datos do/a premiado/a o antes posible ao Concello de Cambre, a través do teléfono 981 613196 ou por email: adl@cambre.org
 - 8.2. **Deberá utilizarse integramente nunha nova compra en calquera establecemento participante na campaña antes do 31 de xaneiro de 2021.**
 - 8.3. Si o bono é empregado no seu establecemento, deberá conservar tanto o bono premiado como a factura simplificada ou xustificante de compra correspondente á nova compra aos efectos de facturación ao Concello.
 - 8.4. Para facilitar as compras en varios establecementos, o Concello poderá canxear os bonos premiados de 300,00 €, a petición da persoa premiada, por outros de 50,00 €, ata a cantidade que lle corresponda. Cada un destes novos bonos de 50,00 € deberán gastarse integramente nun so establecemento.

Actuación no caso de compras con Rascas de Nadal entregados noutros establecementos

9. Si un "Rasca e gaña do Nadal" entregado noutro establecemento resultase premiado cun bono de 100,00 € ou 300,00 € a gastar no seu establecemento:
 - 9.1. **Deberá utilizarse integramente nunha nova compra antes do 31 de xaneiro de 2021.**
 - 9.2. Deberá conformar a autenticidade do bono mediante unha chamada telefónica ao establecemento no que se entregou o bono.
 - 9.3. Deberá conservar tanto o bono premiado como a factura simplificada ou xustificante de compra correspondente á compra realizada no seu establecemento aos efectos de facturación ao Concello.

ANEXO IV
INSTRUCCIÓN PARA A FACTURACIÓN AO CONCELLO DE CAMBRE
RASCA E GAÑA DO NADAL 2020 - 2021

1. Para o **cobro dos bonos** que conteñan premios en metálico deberá presentarse **UNHA ÚNICA FACTURA COMPRENSIVA DE TODOS OS BONOS PREMIADOS NO ESTABLECIMENTO**:

1.1. **Cándo: ENTRE OS DÍAS 1 E O 28 DE FEBREIRO DE 2021**, ambos incluídos.

1.2. **Ónde e cómo:**

	Facturas emitidas ao Concello de Cambre	Restante documentación xustificativa (bonos premiados, anexo II, facturas simplificadas e certificado de conta bancaria)
Persoas físicas	En persoa (nos rexistros do Concello) Ou de forma telemática (na sede electrónica do Concello) https://sede.cambre.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral Ou a través da plataforma FACe (Punto General de Entrada de las Facturas Electrónicas de la Administración General del Estado) https://face.gob.es	En persoa (nos rexistros do Concello) ou telemáticamente (na sede electrónica do Concello) https://sede.cambre.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral
Persoas xurídicas	Obrigatoriamente a través da plataforma FACe (Punto General de Entrada de las Facturas Electrónicas de la Administración General del Estado) https://face.gob.es	Obrigatoriamente de forma telemática (na sede electrónica do Concello) https://sede.cambre.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral

- No caso de optar por realizar a presentación de facturas e restante documentación xustificativa en persoa nos rexistros do Concello (soamente as persoas físicas), deberá solicitarse **Cita Previa co Concello** na seguinte **ligazón** (<https://sede.cambre.es/opencms/gl/cita/index.html>), por medio do teléfono 981 613128 ou a través do correo electrónico cambre@cambre.org.
- No caso de facer a presentación telemática da restante documentación xustificativa (obrigatoriamente para as persoas xurídicas e voluntariamente para as persoas físicas) na sede electrónica do Concello <https://sede.cambre.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral>, os bonos premiados, facturas simplificadas e documentos equivalentes deberán achegarse escaneados.
- Para poder facer a anteriormente indicada presentación telemática, precísase dispoñer dun DNI ou Certificado Electrónico ou Clave Permanente de Acceso (<https://pasarela.clave.gob.es/Proxy2/ServiceProvider>)
- De cara a facilitar a presentación telemática ás persoas físicas, habilitarase na Axencia de Desenvolvemento Local un equipo informático provisto de lector de DNI electrónico por medio do que poderán facer esta presentación aquelas persoas que así o precisen e se acheguen as dependencias da ADL provistos do seu DNI ou certificado electrónico.

1.3. Qué hai que presentar:

- O **Anexo I “Presentación de facturas”** debidamente cuberto e asinado.
- **A FACTURA**
 - **UNHA ÚNICA FACTURA** comprensiva de todos os bonos premiados utilizados no seu establecemento.
 - Deberá incluír o concepto **Campaña “Rasca e gaña no Nadal”** ou outro similar que permita asociala coa Campaña.
 - Deberá estar **emitida a nome do Concello de Cambre**, contendo os seguintes datos de identificación:

Concello de Cambre
Rúa Adro, 1
15660 Cambre
CIF P-1501700-G

- **TODOS OS BONOS PREMIADOS** con premios en metálico, escaneados a dúas caras, no caso da presentación telemática.
- **A FOLLA DE CONTROL** que se facilita con estas base como Anexo II coa relación dos bonos premiados con cestas de Nadal, con cestas especiais do Nadal ou con premios de 100,00 € ou 300,00 €, xunto coa relación de bonos de 100,00 € 300,00 € gastados neseu establecemento. No caso de bonos de 5,00 €, 10,00 €, 20,00 € e 50,00 € non será preciso entregarse este anexo.

9.4. Os **FACTURAS SIMPLIFICADAS OU DOCUMENTOS EQUIVALENTES CORRESPONDENTES AOS BONOS DE 50,00 EUROS, 100,00 EUROS e 300,00 EUROS** premiados ou gastados no establecemento (escaneados no caso da súa presentación telemática). No caso de que no se entreguen por parte dos establecementos facturas simplificadas ou xustificantes de compra, deberá entregarse unha declaración responsable na que se detalle tal circunstancia.

9.5. Un **CERTIFICADO DE CONTA BANCARIA** para a realización da transferencia de pagamento ou, no seu caso, a indicación de que a devandita certificación de conta bancaria obra xa en poder do Concello de Cambre, o que se indicará no **anexo I “Presentación de facturas”**.

Segundo: aprobar o gasto correspondente á campaña do Rasca e Gaña do Nadal 2020 - 2021 por importe de vinte tres mil catrocentos euros (23.400,00 €), imputables á aplicación orzamentaria “433 48100 Becas e premios promoción empresarial”.

Terceiro: publicar as presentes bases na páxina web do Concello de Cambre.

Cuarto: dar traslado aos servizos económicos para os efectos oportunos.

Cambre na data da sinatura electrónica

O concelleiro delegado

Diego Alcantarilla Rei

Dou fe

A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia